

Música de cinza na poesía de Manuel Forcadela

Camiño Noia Campos

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOIA CAMPOS, CAMIÑO (2011 [2009]). “*Música de cinza na poesía de Manuel Forcadela*”. Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/173>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

MÚSICA DE CINZA NA POESÍA DE MANUEL FORCADELA*

Camiño Noia Campos

Manuel Forcadela pertence á Xeración coñecida como dos 80, un grupo de poetas que renovaron a poesía galega, rompendo cos modelos da poética social que se impuxera na década dos anos 70. Son lectores que admiran os devanceiros galegos do XIX mais tamén recoñecen a influencia da nova poética de Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova e, sobre todo, da derradeira poesía de Álvaro Cunqueiro, a quen o noso poeta coñecera en 1977. Son grandes lectores e xa poden ler máis que en español e portugués, de modo que non lles será allea a obra dos grandes poetas da literatura universal.

A consigna común dos e das poetas que inician a súa andaina na década dos oitenta foi a de «escribir en galego como se a literatura galega estivese normalizada». Uns para falar de sentimentos, propios ou ficcionalizados, e, outros, con maior alento épico, preferiron utilizar un culturalismo alicerzado nas lecturas dos seus poetas favoritos. Neste apartado, está Manuel Forcadela. Un escritor formado na arte do verso, aprendida das moitas e selectas lecturas de poetas de todos os tempos, lugares e condición, pero tamén do estudo académico e reflexivo da teoría e crítica literarias, cos que goza.

Estes dous elementos, lectura e estudo, xunto á práctica da viaxe, iniciada desde a súa xuventude como unha forma de aprendizaxe de novos mundos e novas culturas, déronlle ó noso poeta unha visión caleidoscópica da realidade, tanxible e intanxible, e ampliaron o seu imaxinario vivencial. Con Galicia como alicerce de afectos e de intereses, traballou o verso desde unha concepción universalista.

Coa súa sólida base en teoría poética e a súa experiencia vivencial, nada normal nun mozo galego de vinte anos, en 1982 Forcadela inicia a carreira literaria cun poemario premiado polo concello de Vigo, *Ferida acústica de río*, que, lonxe do que pensamos máis de unha, non se trataba da metáfora dunha «ferida», aberta nin curada acusticamente, senón da acústica producida pola auga dun río que parece estar ferida. Un título que ben podía agochar sentimentos dolorosos sobre unha existencia desgraciada, unha vida trágica... ou calquera outra cousa semellante, mais, na lectura do libro só percibimos unha poesía retórica e moi intelectualizada, na que é difícil atopar vivencias dramáticas.

* Lin este texto no acto de presentación do libro organizado polas Feministas Independentes Galegas, o día 2 de abril de 2009 no Salón de Actos da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

«Lectura de poemas de *Música de cinza* de Manuel Forcadela»

Intervencións

Conferencia: Camiño Noia

Recital de poesía: Mónica Bar e M^a Xosé Queizán

Violoncello

Alexandre Costas

A raíz da publicación do último poemario de Forcadela, *Música de cinza*, en 2008, escribiu Vicente Araguas no *Diario de Ferrol*:

Ferida acústica de río, libro que lle outorgaría a Forcadela unha certa notoriedade, e a convición de que estabamos diante dun poeta que verquía referencias e métricas clásicas como para parar un tren. Non sei se o das mágoas súas mais si a dos que coidabamos que a poesía galega precisaba de xestos novos con urxencia. Iso non quita que ás veces algúns, eu entre eles, teñamos atopado no primeiro Forcadela certos excesos (non sei se ousar dicir tamén de intelixencia) que non favorecían a transmisión da súa poesía.

Os poemarios que lle seguiron foron abandonando algo dos primeiros excesos retóricos para facérense máis comunicativos. Con todo, nos libros: *O regreso das ninfas* (1985), *O varredor en outono* (1987), *Profecía* (1993), *Morte do fadista* (2000) e *Refutación da musa* (2001), cada un coa súa propia historia e orixinados en distintas circunstancias, o autor continuou coa poética inicial, coa presenza de, polo menos, catro constantes:

1. Atención especial ós recursos fónicos. A poesía vibra no ritmo dos versos conducidos por un grafismo plano que foxe dos xogos gráficos da poesía vangardista para centrarse na acústica do poema. O ritmo musical colle o protagonismo do poema.

2. Presenza constante de formas do neoclasicismo e do decadentismo. Os versos de Forcadela seguen inzados de ruínas clásicas, de belezaas murchas e de figuras decadentes, que o poeta tira, esencialmente, de fontes gregas e nórdicas, mais pódese tamén valer de calquera obxecto e lugar que lle serva de referente das formas clásicas.

3. A viaxe como devir. A experiencia da ollada, da percepción da vida e das cousas no transitar viaxeiro.

4. Ausencia da cotidianeidade, de vivencias humanas no tempo.

Eu ben sei que, aínda que me guste ver no texto experiencias de vida, e interpretar os sentimentos antes o dramatismo da existencia, o significado dunha obra non se pode analizar polo que o autor quixo dicir. Hai que buscarlle o sentido no vínculo desta coas circunstancias históricas e persoais do autor, e analizar os poemas como traballos de asociación e de imaxinación sobre a linguaxe poética. Aí está a clave para a análise da poesía de Manuel Forcadela.

E eu admiro a fascinación que o poeta sente pola viaxe, como descuberta de terras alleas, como proceso de transformación do eu e como soidade na volta ó lugar de orixe, onde nada será xa como foi. É, sabémolo, un tema moitas veces recreado, desde os clásicos gregos, por grandes poetas. Mais, Forcadela insíreo con plenitude na literatura galega. Outro tema eterno, recorrente na obra do noso autor, é o da nostalxia dun pasado imposible de revivir, dunha realidade que o poeta trata de transformar coa linguaxe poética: «Por veces escribir é como estar», di en *A morte do fadista*. Nostalxia dun pasado que, en non poucas ocasións, vai unida á viaxe. Mais a poesía é sempre ficción para o seu autor e así cómpre lela «como a ficción que a cultura foi facendo coa influencia de lecturas alleas». Porque o autor é só un feitizo que se reencarna en diversas existencias utilizando as súas máscaras e os seus atavíos a través da voz enunciadora, dinos Forcadela.

No libro que hoxe presentamos, *Música de cinza* (2008), e do que se van ler algúns poemas, o autor segue a utilizar as constantes da súa poética anterior, mais agora, hai que salientar a presenza de vivencias persoais. Sen abandonar o culturalismo, en varios poemas deste libro, o poeta atende á voz interior e fálanos de sentimentos, de sensacións e da vida real con referentes concretos: amigas, amigos, fillos, espazos... A poesía de *Música de*

cinza flúe «coma un rumor na distancia, entre a brétema, que nos fala das cousas miúdas da vida e dos misterios que cada un de nós leva dentro», empregando palabras do propio autor.

Iníciase o libro coa proposta retirar as armas «e espir aquela parte da ollada que procura o novo sobre o mundo /.../ e así chegar lixeiro, sen roupas nin bagaxe, disposto na procura do clásico atavío». Entendo que o poeta quere deixar a un lado as armas dos artificios no pasado, e «sen temor ao vaivén das ondas e do naufraxio» sucar o tempo da súa existencia para construír os textos máis persoais e líricos que nunca fixera, modelando a linguaxe para conducila a unha reflexión persoal sobre o paso do tempo e a lembranza dos e das amigas. En 28 dos 54 poemas do libro o autor dálle voz ó «eu lírico» para falar da vida, de sentimentos e para achegarnos fondas constatacións sobre a existencia e sobre a morte.

De todos os temas tratados en *Música de cinza*, eu salientaría os seguintes:

—A relación do poeta coa literatura, onde aparece un precioso poema que fala da perda de fe no valor da palabra poética como instrumento transformador: «Adeus literatura, meu prístino país» /.../ «Deixei de crer en ti».

—A presenza de tristeza na alma do poeta. «Eu nunca quixen darlle regalos á tristeza», mais ela vén e faime chorar polas cousas perdidas, polos amigos idos, polo tempo que se foi.

—A memoria das cousas dun pasado feliz, evocadas desde un presente de madurez. «Sumidos como imos no río das idades», en carta a unha amiga, e na lembranza do pasado feliz e da xente coñecida e amada na que o tempo produciu tantos cambios («Novela»). O recordo da poetisa amiga, Luísa Villalta, nun encontro póstumo en Branderburgo, entre a neve, baixo os acordes da música de Bach e os trens que veñen e van ó Máis alá; ou as confidencias co poeta amigo Avilés de Taramancos. A lembranza do pai morto, orixinada na relectura do *Quixote* do seu proxenitor, ou na contemplación de vellas fotografías que traen rostros e existencias familiares, tamén idos; sucesos da infancia, da casa familiar...

En fin, a superación diaria dos atrancos no vivir, ata que a morte nos chame, recreados no poema «Sal».

Hai en *Música de cinza* un único poema enunciado desde o “nós”, «O son da miña idade», que no remate pasa á primeira persoa para falar de lembranzas colectivas do pasado en ledas festas de música e baile, con amigos que se foron e deixaron o eu lírico «só, sen xente no concerto».

Neste libro, a vida contéplase sempre como pasado, como o vivido, porque o presente, como dixo Borges, é imposible.

E todo o universo de palabras e de estruturas sintácticas de *Música de cinza* está expresado con pés rítmicos de 7 e 8 sílabas en hendecasílabos iámbicos (heroicos), con acentos na 2ª, na 6ª e na 10ª sílabas, sempre que sexa posible; un metro que por veces alterna con alexandrinos polirítmicos. Con esa conxunción do cómputo silábico e a disposición acentual en catro e cinco cargas de intensidade por verso, os poemas deste libro adquiren, certamente, unha intensa sonoridade de ton clásico. Velaí a «música»; a «cinza» é a metáfora do que foi, dos restos de vidas que permanecen na lembranza, mais unha cinza, que como aquela ferida de xuventude é acústica.

Entre os moitos poemas do libro que me reportaron un pracer de lectura, está «Praza da Quintana 2006»; un poema que dialoga con outro moito máis breve, escrito polo noso autor na década dos anos 80, ó que pedantemente o poeta mozo titulara coa polisémica palabra francesa, «L'éclair» (lóstrego, centella mais tamén exhalación) e que di:

Sentado unha noite na Quintana dos mortos
Cando o voo dos reloxos enchía o seu eco na pedra
E pairaba un orballo de cinsa nas torres doentes
Escoitei a cidade renxer esvaecida...

Case trinta anos despois, o poeta volve recordar aquela estada cos estes versos:

Estou de novo aquí, oh praza da tristeza,
A oír as outonías que espallan as campás
Despois de moitos anos sen tempo para verte.
Aquí me tes de novo, oh praza sideral...

En definitiva, o título *Música de cinza* responde plenamente ó contido verbal dos poemas, construídos con atinados recursos musicais que circulan polos seus versos. Seguen predominando no libro os grises sobre os vermellos, verdes e amarelos, así como as referencias culturais e literarias, mais agora hai unha reivindicación «da vida real como a natural», e unha procura da feliz retirada en unión coa natureza, na busca de refuxio na paisaxe que dá plenitude ó ser fuxindo de loas caducas e de conflitos banais.

Parabéns ó autor de tales ficcións poéticas por este espléndido traballo de creación, que vos animo a ler.